

PONTEVEDRA 10 / MAIO / 2026

2ª PROBA LIGA ESCALADA DE PROMOCIÓN

Pavillón Multiusos A Xunqueira



Modalidade:

DIFICULTADE

Organiza:



Patrocinadores:



CAIXA RURAL
GALEGA

ATLEET PIRSA
GRUPO INMOBILIARIO



V AUDI
Vepersa



Deputación
Pontevedra



XUNTA
DE GALICIA



Concello
de Pontevedra

1. ORGANIZACIÓN

A proba será na disciplina de Dificultade, correrá a cargo do Club AROMON Pontevedra, e conta coa colaboración da Federación Galega de Montañismo (FGM).

2. NORMATIVA E CONTROL

A proba rexerese por este programa, e a normativa oficial en vigor da FGM. A proba estará controlada, en calquera cuestión arbitral, por árbitros/as titulados/as pola FGM, e auxiliados por persoas con capacidade suficiente.

3. CATEGORÍAS

As categorías organízanse seguindo este cadro:

CATEGORÍA	Idade	
	Menor	Maior
Prebenxamín (U9)	2019	2018
Benxamín (U11)	2017	2016
Alevín (U13)	2015	2014
Infantil (U15)	2013	2012
Cadete (U17)	2011	2010
Paraescalada		

Os/as deportistas terán que ter en vigor a licenza federativa na FGM antes de inscribirse.

As inscricións estarán limitadas a un número máximo de 125 deportistas, sumando todas as categorías e xénero.

O Club organizador terá 30 prazas mínimo dispoñibles entre todas as categorías.

Os/as deportistas do programa de Tecnificación da FGM poderán competir como o resto dos/as deportistas, pero non optarán a medalla nin entrarán na clasificación da puntuación da devandita proba.

Só os deportistas tecnificados de nova incorporación en 2026 poderán optar a medalla e á clasificación.

4. INSCRICIÓN E PREZOS

O prezo será 15€ por deportista e inclúe organización, rocódromo, montaxe das vías, dorsais, cordas, aseguradores/as, megafonía, arbitraje oficial, voluntariado, seguro de responsabilidade civil, e premios.

As inscricións realizaranse só nos prazos indicados no seguinte cadro:

16 de abril (xoves)	23.59h	Fin do primer prazo de inscrición
17 de abril (venres)	00:00h	Apertura do segundo prazo de inscrición
22 de abril (mércores)	23:59h	Fin do prazo de inscrición
3 de maio (domingo)	23.59h	Fin do prazo máximo de presentación de documentación solicitada por parte dos Clubs

A través da web da FGM www.fedgalmon.gal no club de pertenza. A partir do segundo prazo no seguinte link de inscrición:

<https://fgm.playoffinformatica.com/InscripcioWeb.php?idLliga=292>

Tendo preferencia os rexistrados/as a través do seu club.

5. O ROCÓDROMO

Será no [Rocódromo Municipal de Pontevedra](#), Pavillón Multiusos da Xunqueira, rúa Celso Emilio Ferreiro s/nº 1ª Travesía.

6. UNIFORMIDADE

Todos/as os/as deportistas terán que utilizar obrigatoriamente (engadida a premiación) a equipación do seu Club.

7. RECOLLIDA DE DORSAIS

No horario de recollida de dorsais só os delegados/as nomeados por cada Club, recollerán todos os dorsais e imperdibles de todo o seu Club, non entregando ningún dorsal a ningunha outra persoa.

Para que eses delegados/as podan recoller os dorsais, o Club deberá enviar a escalada@aromon.gal o nome completo, teléfono móbil, e correo-e dos delegados/as do seu Club, antes do 3 de maio ás 23.59h.

8. MEDIDAS DE SEGURIDADE

Todos os escaladores/as (de calquera categoría) terán que usar obrigatoriamente o casco de escalada homologado EU CE-EN 12492 (recomendable tamén a normativa da UIAA-106).

Todos/as os deportistas escalarán de primeiro de cordada, agás os prebenxamíns e benxamíns que escalaran coa corda por enriba.

9. HORARIO XERAL DA 2ª PROBA 2026

Os horarios exactos faranse chegar aos Clubs participantes días antes da proba tras pechar a lista de participantes de cada categoría.

10 de maio (domingo)	08:30 a 09:00h	Recollida de dorsais de todas as categorías.
	09:00 a 9:15h	Charla técnica.
	09:30h	Comezo das clasificatorias de todas as categorías.
	16:00h a 16:15h	Apertura e peche zona de illamento.
	16:30h	Comezo das finais.
	19:00h	Premiacións.

10. PREMIACIÓN

Será o último acto deportivo desta proba en Pontevedra, polo que pregamos encarecidamente que as persoas gañadoras e o público estivera presente. As persoas premiadas terán que portar polo menos camiseta ou suadoiro oficial do seu Club de pertenza

En caso de que a persoa premiada non estivera presente na premiación, non recibirá o premio, agás que deixe responsable a outra persoa (preferentemente do mesmo xénero e idade aproximada) que cumprindo as indicacións anteriores, suba á zona de premiación no momento do chamamento da persoa ausente.

Todos os/as deportistas participantes optarán aos premios desta 2ª Proba da Liga Galega de Escalada de Promoción na modalidade de Dificultade, agás os/as deportistas do programa de Tecnificación da FGM.